

UD1. O DIARIO


1.TIPOLOXÍA TEXTUAL

Unha **NARRACIÓN** é un **tipo de texto** que **relata feitos** ou **accións protagonizados** por uns **personaxes** nun **espazo** e **tempo determinados**. Ex.: A viñeta de cómic relata o que lles sucede a dous rapaces (**personaxes**) no patio do instituto (**espazo**), durante un recreo (**tempo**). Un deles pídlle ao outro un anaco de bocadillo (**accións** ou **feitos**). Ti, como cres que remata a historia?



Os **diarios** tamén son un **tipo de narracións**, que poden ser **persoais** ou **literarias**. Isto depende da calidade da escritura, da intención de quen escribe, do tema que tratan... **Ex.:** se a profesora de galego escribe un diario para recordar de vella como era de nova, entón é un **diario persoal**. En cambio, se escribe un diario creando un personaxe

inventado, a quen lle atribúe historias ficticias, con intención estética, para intentar publicalo porque quere que moitas persoas o lean, entón ese é un **diario literario**.



O TEXTO NARRATIVO LITERARIO

Na **vida cotiá** producimos **narracións** (orais ou escritas) nas que os **feitos**, as **persoas**, os **lugares** e a **época** son **reais**.

Poden ser de diversos **tipos**:

- ♣ **persoais** (o relato dunha persoa sobre as súas vacacións)
- ♣ **académico-científicas** (a biografía dunha científica)

Antonia Ferrín

(Ourense, 1914-Santiago de Compostela, 2009)

Foi a **primeira astrónoma galega**. Tamén, a primeira muller que leu unha tese de doutoramento en España sobre **astronomía**. Ademais, fixo interesantes achegas ao estudo das estrelas dobres. En 1930, entra na Facultade de Ciencias da **Universidade de Santiago**, onde cursa a especialidade de Química.

De 1934 a 1936 dá clase na **Física e Matemáticas** da Facultade de Ciencias, mentres estudaba Farmacia e realizaba cursos de ciencias exactas. En 1937, foille aberto un expediente de “depuración” tras recibirse unha denuncia anónima sobre a súa ideoloxía política. A consecuencia deste proceso, foi sancionada e apartada da docencia universitaria. Co apoio de Ramón María Aller, segue investigando ata converterse na primeira doutora en Astronomía de España en 1963.



<https://www.gciencia.com/8m/21-cientificas-galegas-que-tes-que-conecer/>

- ♣ **xurídico-administrativas** (a declaración dunha testemuña ante unha xuíza)



- ♣ **xornalísticas** (unha noticia sobre un accidente)

Falece nun accidente o piloto galego de rally Víctor Magariños

Circulaba nunhas probas de recoñecemento cando chocou frontalmente con outro coche.

Por E.P. | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 12/06/2021 | Actualizada ás 15:16

O piloto pontevedrés de rallyes Víctor Magariños faleceu este sábado e outro tivo que ser trasladado en helicóptero tras sufrir un accidente de tráfico no termo municipal de Cerdedo-Cotobade. Segundo informan a Europa Press fontes do 112 Galicia, o sinistro, consistente nunha **colisión frontal entre dous coches**, ocorreu ao redor das 12,25 horas no punto quilométrico 2 da EP-0401, na localidade de Carballedo.

Ao parecer, os dous vehículos accidentados **percorrían un dos tramos das probas de recoñecemento para o Rallye de Pontevedra**, previsto para o próximo fin de semana. Foi un particular quen chamou á central de emerxencias para alertar do ocorrido, tras o cal o 112 activou un operativo no que participaron o 061-Urxencias Sanitarias, o GES da Estrada e os bombeiros de Pontevedra.

Tal e como confirman fontes do operativo, Víctor Magariños **resultou falecido no punto** e outro piloto foi evacuado a un centro hospitalario en helicóptero medicalizado debido ás feridas que presentaba. Ambos tiveron que ser excarcerados dos seus respectivos coches.

En cambio, cando os **feitos narrados**, xunto cos **personaxes**, o **espazo** e o **tempo**, son **ficción** (produto da **imaxinación** de alguén), entón a **narración é literaria** (*Mentira, Ben, Chamádeme Simbad...*). As **películas** (series) ou **cómics** tamén son **narracións de ficción**, pero nestes casos empréganse as **imaxes** e a **linguaxe audiovisual**.



ELEMENTOS CARACTERÍSTICOS DA NARRACIÓN LITERARIA

1. Narrador: voz que conta a historia (non se debe confundir co escritor, que é quen escolle o tipo de narrador máis apropiado para presentar os feitos).

Tipos de narrador:

- Narrador externo: exprésase habitualmente en **3ª persoa** e **non forma parte** da historia que conta. **Cando o sabe todo** sobre os **personaxes** (os seus pensamentos, sentimentos, pasado etc.) chámase **narrador omnisciente**.

Exemplo:

«Esta historia comeza nun funeral. Un moi deprimente. O morto non chegaba aos 24 anos e foi asasinado. Uns tipos que o odiaban decidiron matalo a golpes. Á súa despedida só viñeron oito persoas. En primeira fila sentan o seu padraсто, Anselmo, coa súa muller (Carme) e o fillo maior desta, Marcelo, que tamén era o mellor amigo do defunto. Anselmo parece máis afectado ca a súa muller, aínda que ela non parece moi feliz de estar aquí.» (Care Santos: Ben. Ed. Rodeira).

Como os **verbos** están en **3ª persoa** (comeza, chegaba, foi asasinado, odiaban, decidiron...) e o **narrador coñece o que pensan e senten os personaxes** (Uns tipos que o odiaban decidiron matalo a golpes), trátase dun **narrador externo omnisciente**.

- Narrador interno: é un **personaxe da historia** que **conta os feitos en 1ª persoa**. Cando **intervén activamente** neles chamámoslle **narrador protagonista** e cando actúa **como espectador** é un **narrador testemuña**.

Exemplo:

«Os meus pais son uns pesados. Cada noite despois de cear ensaríllanse en todo tipo de discusións sobre temas complicadísimos: os banqueiros, a crise, os Estados Unidos, a seguridade mundial, a delincuencia, a pobreza... Recórdanme aqueles debates da tele que duraban moito e que eran máis aburridos ca un concerto de zambomba. En serio que non os entendo. Entre eles non adoitan discutir por nada, pero son capaces de tirarse horas falando destas cousas. Hai que ser rariño.»

Como os **verbos e outras palabras** están en **1ª persoa** (meus pais, recórdanme, non os entendo) e o **personaxe protagonista** é o **narrador**, trátase dun **narrador interno protagonista**.

2.Estrutura: os **feitos** dunha **narración** seguen unha **orde** que responde a estas **tres partes**:

- Situación inicial ou comezo: **presentación dos personaxes**, do **espazo** e do **tempo** en que se desenvolven os feitos.

- Desenvolvemento da acción ou nó: **narración do que lles pasa aos personaxes** e como vai cambiando a situación inicial.

- Situación final ou desenlace: **final da historia**. **Resolución do conflito** e **estado** en que quedan os **personaxes**.

Exemplo:

Curtametraxe *A cousa que máis doe no mundo* (podes ler o texto se o tes na casa).

<https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-7-a-cousa-que-mais-doe-do-mundo>

«Era unha vez unha hiena e unha lebre que se encontraron na beira do río e decidiron ir pescar xuntas.»

Situación inicial:

Presentación dos **personaxes** principais, a **hiena** e a **lebre**; do **espazo**, na **beira do río**; e do **tempo**, **pasado**, “Era unha vez”. PARTE 1ª

«Mentres estaban pescando, a lebre preguntou: “Sabes cal é a cousa que máis doe do mundo?”... (Risa da hiena)».

Desenvolvemento da acción:

Discusión sobre o que é para a lebre e para a hiena **a cousa que máis doe do mundo**. A hiena non coincide coa opinión da **lebre** de que **o que máis doe é a mentira**. Cre que doe máis a mordedura nun pé. **Cambia a situación inicial**: a **lebre vaise coxeando** entre as árbores). PARTE 2ª

«En poucos días a ferida curou. Unha mañá, mentres todos durmían, a lebre foi ao palacio do rei, achegouse á entrada e, aquí me pouse e aquí me levanto, deixou un bo pastel diante da porta. Axiña chegaron os primeiros visitantes: a mosca nai e o seu séquito danzaron con curiosidade arredor de tan succulenta obra... (O rei) mandou reunir todos os animais do poboado para descubrir o culpable...».

Desenvolvemento da acción: Engano da **lebre** coa **axuda** das **moscas**. **Cambian** o **espazo** (palacio) e o **tempo** (uns días despois pola mañá). O **conflicto vaise complicando**: O **rei reúne** os **animais** do poboado para descubrir o responsable da ofensa. Como ninguén admite ter feito “o pastel”, o rei pregúntalles ás **moscas**, as expertas na materia dos cheiros. Elas, confabuladas coa lebre, **acusar** a **hiena**. PARTE 3ª

«A hiena quixo defenderse, pero ningún animal lle fixo caso. Aquel día sentiu unha dor tan grande no peito, que fuxiu do poboado mirando cara a atrás co rabo entre as pernas. E así aprendeu que, de todas as feridas, a mentira é a que máis doe.»

Situación final ou resolución do conflito: A **hiena** descobre que a ferida **que máis doe** é a **mentira**, polo tanto, a **lebre tiña razón**. PARTE 4ª

3.Tempo: ten dous sentidos.

- Tempo externo: **época histórica** en que se sitúan os feitos (ás veces hai **marcas temporais: datas**, referencias a feitos históricos, modo de vida, **vestimenta** etc). Mais non sempre é así (*A cousa que máis doe no mundo*).

- Tempo interno: **tempo transcorrido** na **narración** (anos, meses...). Con frecuencia, **a orde do que acontece alterase** para lembrar feitos pasados, anteriores ao momento narrado, (**flashback** ou **analepse**); ou para dar un **salto** temporal cara **ao futuro** (**prolepse** ou **anticipación**).

4.Espazo: **lugar** ou lugares **onde se sitúan personaxes e feitos**.

Exemplo:

N'*A cousa que máis doe no mundo* hai varios espazos: a beira do río, entre as árbores, o palacio...



5.Personaxes: son os **seres** que **viven** os feitos narrados.

Tipos de personaxes:

- Reais ou fantásticos (imaxinarios, non existen no mundo real: **fadas**, magos, **dragóns**...).



- Principais ou secundarios. Entre os personaxes **principais** pode haber **protagonistas** e **antagonistas** (personaxes que se interpoñen aos protagonistas para que non consigan o seu obxectivo): están **presentes ao longo do relato** e teñen un **papel decisivo** na historia. En cambio, os personaxes **secundarios** participan **só nalgún momento** da narración (se son citados por outros personaxes, non se consideran secundarios).



- Redondos ou planos. Son **personaxes redondos** os que mostran **actitudes complexas** ou unha **evolución na súa personalidade** ao longo da narración (Éric ou Xenia en *Mentira*). Mentres que os **personaxes planos** manifestan **actitudes simples**, **non evolucionan psicoloxicamente** (arquetipos: o bo, o vingativo, o avaro, o malvado...; como os Medina, os malos de *Mentira*).

2.MORFOSINTAXE

Verbos regulares e irregulares

Tendo en conta o seu **significado**, o **verbo** é unha **palabra que expresa accións** (bailar: Andrea bailou toda a tarde), **procesos** (medrar: As malas herbas medran decontado) ou **estados** (permanecer: Antón permanecerá na UCI ata a próxima semana).


Segundo a **forma**, o verbo é unha palabra **variable** composto por:

- Raíz**, parte **invariable** nos **verbos regulares**. Achega o significado léxico.

- Desinencias**, parte **variable** que dá **información gramatical** (persoa, número, tempo e modo).

Cada constituínte achégalle ao verbo un **significado particular**.

Exemplo:



Segundo a **raíz** se manteña **inalterable ou non** na conjugación, distinguimos entre:

•Verbos regulares

(**raíz invariable**)

Raíz	Desinencias
<i>and-</i>	-ar -ou -astes -aría
<i>conduc-</i>	-ir -iu -en

•Verbos irregulares

(**varía a raíz**)

Raíz	Desinencias
<i>quer-</i>	-er -erás -ía
<i>quix-</i>	-en -ese -eran

Verbos semirregulares

Algúns verbos presentan **algunhas irregularidades**. Hai **varios grupos**:

• **Verbos rematados** en **-aer, -oer, -aír e -oír**:

Intercalan un **i** na **1ª persoa** do **singular** do **presente** de **indicativo** (caio, moio, saio, oio) e en **todas as persoas** do **presente** de **subjuntivo** (caian, moias, saia, oias).

Exemplos:

-Non **caio** se ti non me empuxas.



-Só **oio** por un oído.

-Aínda que **caian** lóstregos, iremos xogar ao fútbol.



-Non quero que **oias** o que eu digo.

• **Verbos con alternancia vocálica**:

Cambian a **última vogal** da **raíz** (**e** ou **u**). Son **todos** da **3ª conxugación**. Hai tres modelos:

MODELO SENTIR

Presente de indicativo	Presente de subjuntivo	Imperativo
<i>sinto</i>	<i>sinta</i>	-
<i>sentes</i>	<i>sintas</i>	<i>sinte</i>
<i>sente</i>	<i>sinta</i>	-
<i>sentimos</i>	<i>sintamos</i>	-
<i>sentides</i>	<i>sintades</i>	<i>sentide</i>
<i>senten</i>	<i>sintan</i>	-



Conxúganse como sentir: **ferir, mentir, seguir, servir...** Tamén os seus derivados: conseguir, desmentir, malferir, presentir etc)

MODELO CUSPIR

Presente de indicativo
<i>cuspo</i>
<i>cospes</i>
<i>cospe</i>
<i>cuspimos</i>
<i>cuspides</i>
<i>cospen</i>



Conxúganse como cuspir: **acudir, cubrir, cumprir** ('ser necesario'), **fuxir, lucir, sacudir, subir, sufrir, tusir, xurdir...**

MODELO PEDIR

Conxúganse como pedir: **advertir, espiar, agredir, reflectir, repetir** etc.

Presente de indicativo	Presente de subjuntivo	Imperativo
<i>pido</i>	<i>pida</i>	-
<i>pides</i>	<i>pidas</i>	<i>pide</i>
<i>pide</i>	<i>pida</i>	-
<i>pedimos</i>	<i>pidamos</i>	-
<i>pedides</i>	<i>pidades</i>	<i>pedide</i>
<i>piden</i>	<i>pidan</i>	-



A temporalidade verbal

Cando falamos, podemos usar os verbos en **tres temporalidades**:

•Pretérito (pasado)

Exemplos:



Onte **comín** o cocido na casa dos meus pais. **Estaba** riquísimo. O día anterior **conducira** todo o día para poder chegar a tempo ao xantar. Aínda que **estivese** na Lúa, non perdería xamais o caldiño da miña nai.

Todos os **verbos** resaltados en **grosa** expresan o pasado:

- ✓ **comín** (acción rematada no pasado)
- ✓ **estaba** (acción simultánea no pasado á de **comín**)
- ✓ **conducira** (acción pasada **anterior** a **comín**)
- ✓ **estivese** (acción pasada **incerta** ou irreal)

•Presente

Exemplos:



Vou agora cara á biblioteca con Manuel. Quizais alí **atope** o libro de *Mentira*.

Os **verbos** resaltados en **grosa** expresan o que **está a pasar**:

- ✓ **Vou** (coincide co **momento** en que se **fala**)
- ✓ **atope** (refírese con **incerteza** a unha **acción presente** ou **futura**)

•Futuro

Exemplos:



O próximo mes **teremos** o exame trimestral de matemáticas. Como prometín que **estudaría** máis, teño que comezar antes de que chegue o día.

Os **verbos** resaltados en **grosa** expresan futuro no indicativo, pero esta temporalidade pode enfocarse **desde** o **presente** (**teremos: acción** que **aínda** está **por chegar**, porque é o próximo mes) ou **desde** o **pretérito** (**estudaría: acción** que **aínda** está **por chegar** con respecto ao pasado prometín).

Outras formas verbais

O **infinitivo persoal** presenta **desinencias**: a partir do infinitivo, engádense **morfemas** de **número** e **persoa**.

<i>andar</i>	<i>varrer</i>	<i>tusir</i>
<i>andar-es</i>	<i>varrer-es</i>	<i>tusir-es</i>
<i>andar</i>	<i>varrer</i>	<i>tusir</i>
<i>andar-mos</i>	<i>varrer-mos</i>	<i>tusir-mos</i>
<i>andar-des</i>	<i>varrer-des</i>	<i>tusir-des</i>
<i>andar-en</i>	<i>varrer-en</i>	<i>tusir-en</i>

Casos en que se emprega:

•Se o **suxeito do infinitivo** é **diferente** ao do **verbo principal**.

Exemplos:

Antes de **marchardes** para o instituto, **fai** a túa cama.



O suxeito do verbo principal «**fai**» é «**ti**» e o do infinitivo «**marchardes**» é «**vós**».

•Se o **infinitivo** vai **precedido** de **ao, de, con, para, por...**

Exemplos:

Ao acabardes os exercicios, podedes saír ao recreo.



De chegares tarde dez minutos, terás falta de puntualidade.

Con estudarmos un pouco máis, temos salvadas todas as materias.

Para cantardes mellor, tendes que ensaiar máis horas ao día.




Por xogares ao fútbol durante o recreo, estarás suado toda a mañá.

3.FORMACIÓN DE PALABRAS

A estrutura das palabras: a derivación


As palabras están compostas por:



•**Lexema**. Indica o **significado léxico** da palabra (o que vén no dicionario).


•**Morfemas flexivos**. Indican **significados gramaticais** (xénero, número, persoa...)

Exemplo:



•**Morfemas derivativos**: Crean **palabras novas**. Poden situarse **diante (prefixos)** ou **despois (sufixos)**.


Exemplo:



3.LINGUA E SOCIEDADE

Concepto de lingua oficial

É a que **empregan** os **poderes públicos** (delegacións do goberno central, xustiza, policía, Xunta, concellos...) **nas relacións cos cidadáns**, con outras institucións... A **nivel particular** cada persoa ten o **dereito** de **usala oralmente** e **por escrito** en calquera situación dentro da nosa comunidade. Na **Constitución española** (1978), o Estado español **estrutura** o seu territorio en **comunidades autónomas**: **Galicia, Cataluña e Euskadi** son **comunidades**



históricas por teren **estatutos** de **autonomía** **aprobados** antes da **guerra civil** (1936). O noso **Estatuto de autonomía** (1981) establece que a **lingua propia** de **Galicia** é o **galego**, feito que non se recollía antes en ningunha lei. Tamén se afirma que **en Galicia** o **galego** e o **castelán** son **cooficiais**. Polo tanto, a **lingua galega pasou a ter o status de lingua oficial por lei**.



Como en case todos os ámbitos sociais, o galego está nunha situación de inferioridade fronte ao castelán (por motivos históricos). Daquela, **os poderes públicos teñen a obriga de protexelo**.

O **Estatuto** fixo **posible** a **incorporación** do **galego** á escola, un dereito lingüístico que os nenos e as nenas galegofalantes non tiveran ata ese momento. A **lei** que fixa e **concreta** as **medidas básicas** de **actuación** para que o **poder político** promociione e **dinamice** o uso do galego na sociedade é a **Lei de normalización lingüística** (1983).

4.LÉXICO

Os seres míticos galegos

Biosbardos: Seres que ninguén sabe describir. **Para cazalos hai que ir en noite escura a un lugar afastado**, levar un saco grande, abrilo e **chamar por eles**.

Coca: Animal monstruoso con **corpo de dragón** e **cola de serpe**, que **vive** nas augas do **mar** ou dos **ríos**. Nácenlle do lombo **dúas ás grandísimas**. Ten **catro patas** rematadas en fortes gadoupas. A máis coñecida é a de **Redondela**.



A Compañía: Os **defuntos** de cada parroquia **responden á chamada** do que leva **máis tempo enterrado**, érguense da tumba, entran na igrexa a recoller o que precisan e **póñense a andar polos camiños**.

A procesión dos mortos vai disposta en **dúas ringleiras** e os seus membros van **envoltos en sudarios brancos** e **descalzos**. Todos



levan **lucos**, candeas ou ósos ardendo, e outros obxectos imprescindibles como a **cruz procesional**, o **caldeiro de auga bendita**, a campaiña, o peto das ánimas e o estandarte ou farol. O **portador da cruz** non é un morto senón un **vivo**. A procesión sempre representa un **perigo para quen a ve**. **Anuncia a morte** e ademais o vivo que vai nela pode intentar pasarlle a cruz a outro vivo se o pilla descoidado.

Lobishome: É un **home** ou **muller** que se transforma en **lobo**. Isto pode ocorrer por varias causas: por **maldición** dos pais ou doutra persoa, por **nacer** na noite de **Nadal** ou de **Venres Santo**, ou por ser o **sétimo** ou o **noveno irmán** do **mesmo sexo**. Cando anda de lobo non hai arma ningunha que o poida ferir ou matar e nese estado dedícase a atacar, matar e devorar sobre todo persoas.



Mouras: Mulleres belísimas encantadas que **viven** nas fontes, **castros**, penedos, mámoas e ruínas de antigos monumentos ou castelos, sempre baixo a auga ou **baixo a terra**. Teñen **cabelos louros** e pel branca. Lavan, tecen, fían e **peitean** os **cabelos** á luz do sol. Gardan fabulosos **tesouros**.



Pedro Chosco: Ten figura de **home** de **barba branca**, con **maneiras doces**. É o **encargado** de **facer durmir** os **nenos** con suaves aloumiños.



Trasno: Pode ter **aspecto** de **home pequeno** cun par de **cornos** etc. A súa **presenza** pode notarse: se un recibe un **couce** no **traseiro** sen ver a ninguén, se se senten **ruídos estraños** pola noite etc.